Prevención de adicións na adolescencia

25 de Abril de 2020

Tempo estimado de lectura: 1 min



A chegada ao instituto é un período no cal os adolescentes poderían enfrontarse á presión que exercen os seus amigos para que consuman alcohol, tabaco e outras drogas, ou para que teñan relacións sexuais.

A esta idade, aínda que os adolescentes toman máis decisións pola súa conta en relación cos seus amigos, e vólvense cada vez máis independentes, a presión do grupo determina moitos dos seus comportamentos.

O apoio da familia, a conversa e a confianza no fogar vai ser moi decisiva para evitar condutas non desexables.